

INFÓRMA te

INFANTIL

abril 2023

**REUNIÓN DA MESA NEGOCIADORA DO CONVENIO
XOVES 27 DE ABRIL DE 2023**



O poder de cambiar as cousas



Na reunión deste 27 de abril, CCOO comunicoulle ao resto da Mesa Negociadora —unha vez realizadas as consultas entre a nosa afiliación e delegadas— a negativa a dividir o convenio en dous, tal e como propuxeran algunhas organizacións patronais. Así mesmo, expuxemos algunhas das nosas principais reivindicacións, recollidas na plataforma de CCOO, en materia de xornada, permisos, réxime disciplinario, vacacións e incapacidade temporal.

Xornada

- Redución da xornada semanal e anual
 - Mestreira 32 horas / 1376 horas
 - Educadora 35 horas / 1620 horas
 - Resto do persoal 37 horas / 1620 horas
- Para mestras, educadoras e persoal do Grupo II, reservárase o 15% da súa xornada para realizar tarefas de carácter non lectivo.

Permisos

- Actualizar o texto do convenio coas novidades legislativas e sentenzas da Audiencia Nacional e Tribunal Supremo respecto ao gozo dos permisos retribuídos en días laborables.
- Incorporar novos permisos retribuídos para asistir a consultas médicas, titorías, exames oficiais...

Réxime disciplinario

- Incorporar un novo apartado que regule e penalice as infraccións dos empresarios.

Vacacións

- Substituír o mes de vacacións por 23 días laborables.
- Aumentar os dez días adicionais a quince, dos que cinco serán a elección da traballadora.

Incapacidade temporal

- Aumentar de tres meses a seis o complemento para alcanzar o 100% da base reguladora.
- En caso de enfermidade laboral ou accidente de traballo, aumentar un mes máis por cada trienio de antigüidade.





ensino

Desde CCOO ratificámonos na proposta salarial exposta en anteriores reunións, tanto para a xestión directa como para a indirecta. A resposta patronal foi retirar a súa proposta de táboas salariais para a xestión indirecta, o que, de facto, supón unha táboa única para todas as traballadoras, ao que CCOO expresou o seu rexeitamento.

Non pode ser que o actual convenio colectivo se manteña como o instrumento das entidades para seguir precarizando as traballadoras. Necesitamos un texto que se axuste á realidade da sociedade en que vivimos e dignifique as condicións laborais e retributivas das persoas que traballan no sector. Tras sete reunións nas que practicamente non houbo avances significativos, é o momento de que as patronais deixen a teima de propoñer recortes laborais na Mesa Negociadora. Se non, CCOO estudará outro tipo de medidas máis contundentes.

As próximas reunións celebraranse os vindeiros 18 e 29 de maio.

**Sindicalismo
CCOOmprometido
na defensa e mellora
dos dereitos
dos traballadores
e traballadoras**

Santiago de Compostela
Rúa Miguel Ferro Caaveiro, 8 - 1.º
981 551 826
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

A Coruña
Avda. Alfonso Molina, km 2, 3.º
981 145 895
scensino.coru@galicia.ccoo.es

Lugo
Rolda da Muralla, 58 - 4.º
982 221 060
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

Pontevedra
Rúa Pasantería, 1 - 2.º
986 866 276
scensino.pont@galicia.ccoo.es

Ferrol
Rúa María, 42-44, 3.º
981 369 336
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

Ourense
Parque San Lázaro, 12 - 3.º
988 392 256
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Vigo
Rúa das Teixugueiras, 11 Entrechán
986 246 847
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

O Barco
Praza do Concello, 2 - 1.º
988 322 034
scensino.oure@galicia.ccoo.es

Monforte
Roberto Baamonde s/n
982 401 518
scensino.lugo@galicia.ccoo.es




ensino



Afiliate! É esencial.

www.ccooensino.gal